



**OFERTA DE ACTIVIDADES COLECTIVAS E
COMPLEMENTARIAS CURSO 25/26 ESCOLA
MUNICIPAL DE MÚSICA DE ARTEIXO (EMMA)**



Aula de Música Moderna

Martes de 19:00 a 21:00 h



Actividade colectiva enfocada a tocar música de diversos estilos como Jazz, Rock, Blues entre outros estilos. Esta actividade está dirixida a todo o alumnado de calquera especialidade instrumental.



Aula Folk

Mércores de 19:00 a 21:00 h

Actividade colectiva enfocada a tocar música Folk e música tradicional. Esta actividade está dirixida a todo o alumnado de calquera especialidade instrumental.



Orquestra

Xoves de 18:00 a 20:00 h

Actividade colectiva enfocada a tocar música de orquestra, clásica, música de películas etc... Esta actividade está dirixida a todo o alumnado de instrumentos de corda.



Banda de Música


Venres de 16:00 a 17:00 h

Actividade colectiva enfocada a tocar música de bandas sonoras e outros estilos. Esta actividade está dirixida a todo o alumnado de instrumentos de vento e percusión.



Aula Pop /Rock

Venres de 18:15 a 20:15 h



Actividade colectiva, que nace coa clara vocación de converterse en agrupacións abertas a outros instrumentos. Coñeceranse a técnica e características da guitarra e baixo eléctrico, coa práctica conxunta con instrumentos de percusión, en diferentes estilos musicais. Esta actividade está dirixida a todo o alumnado de guitarra e percusión.

Coro infantil

Xoves de 18:00 a 19:00 h



Actividade dirixida a nenas e nenos na que se traballará o canto colectivo dende un punto de vista lúdico e ameno, traballando cancións actuais e iniciándose tamén na técnica vocal. Esta actividade está dirixida a todo o alumnado que curse música e movemento.



Coro xuvenil e adulto

Xoves de 19:00 a 20:00 h



Actividade dirixida á poboación xuvenil e adulta na que se traballará o canto colectivo dende un punto de vista lúdico e ameno, con un repertorio moi variado. (Dende os 8 anos). Esta actividade está dirixida a todo o alumnado de calquera especialidade instrumental.



Taller de Dirección Orquestral

Xoves de 17:00 a 18:00 h

Gustaríache aprender a dirixir unha Orquestra, Banda ou coro? pois esta é a tu oportunidade. Nesta actividade traballarás a técnica de dirección necesaria para poder aprender esta especialidade, facendo prácticas coas agrupacións da EMMA. Esta actividade está orientada para aqueles alumnos da EMMA que teñan superado o 2º curso de Linguaxe musical



A EMMA OFERTA ADEMÁIS UNHA ACTIVIDADE DIRIXIDA A PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL

Arteixo

Arteixo / Educación

Contacto:

emmaarteixo@gmail.com

671582787

Plazo de inscrición dende o 23 de xuño ata o 6 de xullo.

Comezo das actividades: 8 de setembro

Estas actividades son de balde para o alumnado da EMMA.

Diversidade Musical

Xoves a partir das 19:00 h

Actividade de Música e movemento dirixida a persoas con diversidade funcional.

